



FOGUEIRAS DE SAN XOAN 2021

Como consecuencia da situación de emerxencia de saúde pública ocasionada pola Covid-19, este Concello acordou o seguinte:

- **Prohibir** a realizacións das tradicionais fogueiras de San Xoan en **solo público municipal** ou áreas de xestión municipal, durante o 23 de xuño e a madrugada do día 24 de xuño de 2021.

- **Está permitida** a realización de cacharelas nos terreos **particulares**, respetando as condicións xerais, medidas preventivas e de seguridade que se detallan a continuación:

- X Este bando afecta unicamente a aquelas cacharelas que sexan realizadas en terreos particulares, o día 23 de xuño a partir das 18:00 horas e durante a madrugada do día 24 de xuño. En calquera caso as cacharelas deberán quedar totalmente apagadas antes das 06:00 horas do día 24 de xuño.
- X Unicamente poderán ser realizadas aquelas fogueiras que teñan efectuada a comunicación ao Concello de Vilasantar.
- X O prazo para comunicalo ao Concello remate o día 21 de xuño as 14:00 horas.

- Medidas preventivas:

- X Previamente ao inicio da fogueira, farase unha devasa mediante a eliminación manual ou mecánica da totalidade do material combustible nunha franxa de polo menos 5 metros de longo, rodeando o perímetro que se vai queimar.
- X Non se prenderá lume preto de masas forestais ou matogueiras (50 metros de distancia mínima), nin a menos de 15 metros de calquera edificación, tendido eléctrico, instalación de calquera tipo ou vehículo.
- X Non poderá iniciarse ningunha fogueira cando as condicións meterolóxicas poidan dificultar o seu control, especialmente nos días de vento. Asemade, se iniciado o lume se producise a aparición de vento intenso, procederase a apagalo.
- X Non se abandonará a vixilancia da fogueira ata que o lume estea totalmente apagado e transcorresen dúas horas sen que se observen lapas ou brasas.
- X A persoa responsable deberá ter a man medios adecuados para a extinción do lume.
- X O montón de materiais que forme a cacharela non poderá exceder de 1 metro de altura.
- X Está prohibida a queima de todo tipo de residuos (materiais que teñan plástico, colchóns, rodas, aerosois, produtos inflamables ou explosivos...) debido aos gases tóxicos que produce a súa queima.
- X A autorización para facer a cacharela non eximirá en ningún caso das responsabilidades por danos ou perdas a que houbese lugar no caso de que o solicitante concorra en negligencia ou imprudencia.



- × O Concello por inícia propia ou por instancia do Servizo Territorial de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais, poderá revogar a autorización nos casos que non sexa posible garantir as medidas de seguridade e prevención de incendios.
- × En caso de incumprimento do indicado, ou de queixas fundamentadas dos veciños, poderase requirir a extinción das fogueiras.

Observacións:

- × Non son obxecto de regulación por este bando as comunicacións de queima de restos agrícolas amoreados, nin as autorizacións de queima de restos forestais, cuxa competencia lle corresponde á Consellería de Medio Rural.

Vilasantar, 14 de xuño de 2021

O alcalde

Fernando Pérez Fernández

